

Plantilla memoria resumen modificaciones de:
GRADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

Universida_{de}Vigo

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

En seguimento aos acordos adoptados nas Xuntas das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo e de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, do 28 de novembro de 2022, respecto á declaración de interese e a composición da comisión redactora da memoria, preséntase documento resumo das modificacións do Plan de Estudos de ADE, para a adaptación ao RD 822/2021, de 28 de setembro, e desadscripción do IESIDE ao mesmo.

Consideramos que a devandita modificación do Grao en ADE cumpre os 8 requisitos xerais nomeados no artigo 4 do Decreto 222/2011, de 2 de decembro. Así a modificación da memoria do Grao en ADE responde ás necesidades da demanda real do tecido económico-empresarial de Galicia, da sociedade e dos estudantes, mellorando os perfís profesionais, presenta un carácter esencial e estratéxico no sistema universitario de Galicia, fomenta o espírito emprendedor e o autoemprego, acredita a súa viabilidade económica ao non precisar financiamento alleo. A actualización e adaptación da memoria do Grao en ADE está vencellada aos plans estratéxicos e o SGIC dos centros, é oportuno e pertinente complementando e engadindo valor á oferta en Ciclos Superiores de FP en Administración e Finanzas, ten un carácter imprescindible na oferta formativa para os campus de Vigo e Ourense, reforzada pola continua cobertura de prazas, tanto nos Graos, como nos PCEOS vencellados, ADE-Dereito e ADE-Enxeñería Informática.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

A proposta dunha nova memoria e título para o Grao en ADE pola Universidade de Vigo, xurde pola necesidade da adaptación do título ao RD 822/2021, en particular co gallo da adscripción ás novas áreas de coñecemento, a mudanza das competencias contidas no plan antigo e a necesaria inclusión

nas fichas das materias e nos seus métodos de avaliación en consonancia coa incorporación dos resultados do proceso de formación e aprendizaxe reflectidos no devandito RD 822/2021, de 28 de setembro. Por outra banda, o proceso de mudanza do Plan de Estudos coincide no tempo co proceso, iniciado neste curso académico 22-23, de desadscripción do Grao en ADE do IESIDE, como título adscrito á Universidade de Vigo.

A proposta de modificación do Grao en ADE pola Universidade de Vigo fai compatible ambos obxectivos, adáptase ao novo marco normativo, integrando tanto o convenio bilateral UVigo-IESIDE de 14 de decembro de 2021, como o Decreto 144/2022, do 27 de Xullo, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Ao mesmo tempo, as modificacións propostas no Grao permiten actualizar contidos, respectando a optatividade dos campus, agardando ao necesario desenvolvemento normativo autonómico sobre as mencións duais.

O procedemento de redacción da memoria susténtase nun marco de estreita colaboración entre os equipos decanais de ambos centros: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo e a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense. O borrador xurde do traballo conxunto antes referido, que a Comisión Redactora Conxunta valorou, con certas propostas de mellora, trala súa reunión do mércores 12 de abril de 2023, por videoconferencia. Aprobando os textos finais da memoria, memoria económica, xustificativa e resumo dos cambios ou mudanzas, que se trasladan ás Xuntas de Facultade respectivas, para a súa aprobación, se procede.

3 Planificación de implantación (cronograma).

Dado que a proposta de modificación do título de ADE non é substancial, mantéñense todas as materias e créditos de Formación Básica, Materias Obrigatorias e Optativas, Prácticas Externas e Traballo Fin de Grao, consideramos que a incorporación da devandita modificación ao Plan de

Estudos pode ser realizada de forma automática no primeiro curso académico 2024-2025 (curso no que se iniciaría a impartición do novo plan).

No curso 2025-2026 comezaría a impartirse o segundo curso; terceiro, no 26-27 e a docencia completa do novo plan no curso 2027-2028.

Dentro do programa de implantación da nova titulación, cómpre referirse ao actual proceso de desadscrición do Grao de ADE do IESIDE como título da Universidade de Vigo. No presente curso 2022-2023 comezaron as actividades da primeira universidade privada de Galicia: Universidade Intercontinental de la Empresa -en diante UIE-, polo que deixou de impartirse no IESIDE, o primeiro curso de ADE adscrito á UVigo. Este proceso gradual de segregación ou desvinculación está regulado polo Decreto 144/2022, do 27 de xullo, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O artigo 3 do citado decreto fai referencia ao inicio das actividades da UIE, a desadscrición do IESIDE á UVigo e á creación de 2 novas facultades no novo operador privado e 4 titulacións, 3 delas claramente redundantes coa nosa titulación: ADE, Administración de Negocios Dixitais e Enxeñaría da Empresa. Outra referencia normativa a ter en conta para a desadscrición do título de grao en Administración de Empresas do IESIDE da UVigo, atópase no Convenio entre a Universidade de Vigo e o IESIDE, do 14 de decembro de 2021, polo que se regula o cese de actividades e a desadscrición paulatina como centro adscrito á UVigo. Así, no primeiro curso do novo plan de estudos ADE (24-25), só se adscribirá á UVigo o cuarto curso de ADE do IESIDE; desvinculación prevista da docencia no seguinte curso académico 25-26; dereitos de exame trala extinción da docencia reguladas polo regulamento e normativa específicos da UVigo (en principio, 2 cursos académicos máis).

4. Procedemento de adaptación. (Descrición)

O proceso de adaptación será especialmente sinxelo ao non propor mudanza algunha na denominación, orde ou contido das materias, idénticas respecto ao número de créditos ECTS, cuadrimestre, curso ou adscrición a departamentos, así como a inexistencia de variacións no carácter de troncal, obrigatoria, optativa de centro ou respecto ao traballo fin de grao. Tampouco haberá variacións no tocante á convalidación máxima de prácticas extracurriculares por créditos optativos, continuando o esquema de 150 horas de prácticas por 6 créditos optativos, para un máximo convalidable de 300 horas por 12 créditos optativos; o exceso de horas prácticas respecto ás 300 referidas, poderá reflectirse no Suplemento Europeo do Título (SET).

En canto ao procedemento de cambio do plan antigo (en proceso de extinción) polo novo plan ADE, que comezará no curso académico 24-25, o recoñecemento das materias será automática para todas as materias, ao non modificar a denominación, a súa condición, nin tipoloxía, créditos ECTS, cuadrimestre ou curso.

4 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

O código RUCT, do Grao en ADE de 2007 pola Universidade de Vigo, pendente de extinción é o 2501116. O referido grado extinguirase na medida en que se sumen promocións do novo plan de estudos. No curso 24-25 finalizarase a impartición do primeiro curso (comezando o primeiro curso do novo Plan); así ata o curso 27-28, que quedará totalmente extinguida a impartición do antigo plan; os dereitos de exame dos estudantes do plan antigo rexeranse polo disposto na Universidade de Vigo sobre a devandita materia.

5 Responsables do título.

María Montserrat Cruz González y M^a Dolores Garza Gil (Decanas FCETOU e FCCEE)
decano.eto@uvigo.gal; decanofccee@uvigo.gal